



# Obradoiro de pensamento creativo baseado no método CPS (Creative Problem Solving) 2ª edición!

Santiago de  
Compostela, 9 de e  
10 de novembro de  
2016

[www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal)

## Por que este obradoiro?

No traballo cotián en normalización da lingua buscamos sempre **ideas novas e orixinais**, pero ás veces temos dificultade para chegar a elas ou para dinamizar os grupos de participación que nolas fornecen. En moitas ocasións fáltannos **técnicas** para superar de maneira **creativa** estas eivas.

Con este obradoiro, **aprenderemos ferramentas** que nos axudarán a explorar a fondo os problemas e os retos, a xerar ideas en equipo e a buscar solucións de maneira creativa entre todas/os.

## Cales son os obxectivos?

- ✓ Proporcionar aos/ás participantes no obradoiro unha **formación avanzada** en materia de **creatividade**.
- ✓ **Aprender a desenvolver dinámicas** que incrementen a **motivación** e a capacidade de mobilización do **equipo**.
- ✓ **Ser quen de implementar en grupos accións** que consigan **activar a creatividade** das persoas co fin de aplicala para a xeración de **proxectos que favorezan o uso da lingua** e incrementen o seu **prestixio**.

## Que resultados imos acadar?

- ✓ **Definición do problema que se quere resolver** e das regras do xogo que o definen.
- ✓ **Coñecemento de novas ferramentas** para o emprego no día a día dos/das asistentes á formación.
- ✓ **Impulso da creatividade** nos equipos de traballo.
- ✓ **Xeración dunha lista de ideas e solucións** asociadas a cada un dos espazos de innovación en que se pretende actuar.

## Quen nos vai guiar e axudar?

- ✓ **Natalia Nogueira López**, enxeñeira industrial, xerente de Serviguides Consultoría e especialista en xestión da innovación.

Alén disto, ten certificacións en diversos **métodos para desenvolver a creatividade**: Método Lombard, Design Thinking, Creative Problem Solving e Lego Serious Play Method.

Organiza

Colabora

## Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

Para o bo funcionamento do obradoiro, poderán participar un máximo de **16 persoas**.

## Cando?

O que	Día e horario
Prazo de inscrición no obradoiro	Do 5 ao 25 de outubro ás 16.00 h
Publicación da listaxe de persoas admitidas	26 de outubro de 2016
Prazo para o pagamento do obradoiro	Do 26 de outubro ao 7 de novembro
Desenvolvemento do obradoiro	Mércores 9 de novembro de 16 a 20 h Xoves 10 de novembro de 9 a 14 e de 15:30 a 18:30

## Onde é o obradoiro?

- ✓ **No espazo A Nave de Vidán** (avenida Mestra Victoria Míguez, 44, 15706 Santiago de Compostela)

## E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

## Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** habilitado para o efecto no web [www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal), entre o 05/10/2016 e o 25/10/2016.

Dado que o **número de prazas** está **limitado a 16**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Obradoiro creatividade".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así podermos incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

## E para xantar o xoves 10 de novembro?

- ✓ Para o xantar do xoves poderemos **reservar no propio restaurante d'A Nave de Vidán**. Ten un **menú do día** por **12 euros**.
- ✓ **Ás persoas admitidas pediráselles que confirmen se queren reservar sitio no restaurante para xantar**.
- ✓ Máis información sobre o restaurante: <http://www.anavedevidan.com/>

**+info**

*Entra en [www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal)*

*Escribe a [info@ctnl.gal](mailto:info@ctnl.gal)*

*Chama ao **629 571 950***

Organiza

Colabora